Declaración Institucional con motivo da conmemoración do Día Mundial da Síndrome de Down

Perante a conmemoración do Día Mundial da Síndrome de Down, o 21 de marzo, o Parlamento de Galicia quere amosar o seu recoñecemento ás persoas con esta alteración cromosómica en Galicia, así como ao imprescindible movemento asociativo que as representa e que encabeza a Federación Down Galicia. Así mesmo, instamos ás institucións públicas, organizacións privadas e á sociedade civil a comprometerse activamente na eliminación de prexuízos e na mellora da calidade de vida do colectivo.

A **inclusión social** é esencial para garantir que todas as persoas, con independencia das súas características ou capacidades, poidan acceder aos recursos e oportunidades necesarias para a súa plena participación na sociedade e a súa realización como individuos. Así o indica a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, aprobada en 2006 e ratificada por España e por este mesmo Parlamento en 2008.

A discapacidade non reside na persoa, senón nas barreiras que dificultan a súa participación. Por tanto, é deber da Administración articular medidas que derruben estas barreiras e alentar á sociedade a facer o propio desde os seus ámbitos persoais.

Por todo isto, esta Cámara reafírmase no seu compromiso coa inclusión das persoas coa síndrome de Down, para que poidan levar a vida que elas mesmas elixan, erixíndose en cidadáns e cidadás de pleno dereito. Pero para iso, é preciso poñer en marcha medidas concretas, entre as que destacan:

1. **Loitar contra as causas da exclusión social** desde o punto de vista da igualdade de dereitos, aplicando decididamente o enfoque de inclusión activa non asistencialista.
2. **Asegurar a cobertura das súas necesidades sociais, sanitarias e sociosanitarias,** garantindo a utilización dos servizos comunitarios.
3. **Garantir a inclusión educativa, gratuíta e de calidade**, dotando ás escolas ordinarias de todos os recursos precisos para que esta sexa unha realidade.
4. **Fomentar a contratación das persoas con discapacidade, tanto no mercado laboral ordinario**, a través do Emprego con Apoio, **como no sector público**.
5. **Establecer un Plan Urxente de Accesibilidade**, que facilite o acceso á información das persoas con discapacidade intelectual a través da accesibilidade cognitiva.
6. **Fomentar as axudas para a promoción da autonomía persoal e a prevención da dependencia fronte ao illamento no fogar,** impulsando para tal fin os **apoios personalizados** e a participación nos recursos existentes para toda a poboación.
7. **Dar resposta ao envellecemento prematuro e acelerado das persoas coa síndrome de Down**, creando protocolos sanitarios adaptados ás súas necesidades reais e facilitando o acceso aos recursos existentes para persoas maiores.
8. **Crear un censo autonómico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais**, xa que os datos actuais son incompletos.

Por iso, desde esta cámara queremos ratificar a nosa aposta por unha sociedade inclusiva, garantindo os dereitos de todas as persoas e proporcionándolles os apoios necesarios para vivir como elas mesmas decidan, e instamos á sociedade a sumarse ao respecto pola diferenza e pola diversidade, porque como di o lema das entidades Down de Galicia, **«Contigo podemos máis»**.